

PERFIL DO CONTRATANTE

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL

Para cumprir co disposto no artigo 135.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, faise pública a resolución de adxudicación provisional do procedemento negociado sen publicidade da obra "MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO EN VILAZA", adoptado por acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de maio de 2010, co seguinte contido:

Logo de completarse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, da obra "MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO EN VILAZA", financiada con cargo ó Fondo Estatal para o Emprego e a Sustentabilidade local, convocado por acordo da Xunta de Goberno Local do 21 de abril de 2010, con apertura de documentación administrativa xeral e proposicións económicas do 10 de maio de 2010, examínase a proposta de adxudicación que fai a Mesa de contratación a favor de Construcciones Hermanos Carrajo S.A., conforme á acta levantada para o efecto. Considerando que corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución deste expediente, conforme á delegación que fixo o Pleno do Concello, mediante acordo de data 27 de xuño de 2007, da competencia para a contratación de obras que non superen un ano.

A Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións previstas no apartado 2º da Disposición Adicional 2ª, da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, por unanimidade, **ACORDA:**

Primero.- Adxudicar provisionalmente a execución destas obras á empresa Construcciones Hermanos Carrajo S.A., por un importe de 81.443,60 euros (IVE e demais tributos incluídos).

Segundo.- Notificarlle este acordo ós licitadores e publicalo no perfil do contratante.

O alcalde,

José Luís Suárez Conde